

Nº 8

Sábado, 27 de marzo de 2010. Revista oral de periodicidade semestral, editada polo **Museo Provincial do Mar** (da *Rede Museística* da Deputación de Lugo). Hora: **19 horas**. Lugar: **Museo Provincial do Mar**, San Cibrao, Cervo (Lugo). Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Duración aprox.: **1,30 h**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

Follas Novas. Novas Follas é un proxecto de intercomunicación dos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo coa sociedade no que participan profesorado e alumnado de diversos centros escolares, xunto con pais e nais. Un experimento comunicativo que pretende, como grande obxectivo, o achegamento dos máis novos ao marabilloso mundo da lectura.

SUMARIO

Portada

Tema: A Costa do Navallo (títere de táboa)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Presentación do proxecto (8')

Música e monicreques

Tema: A danza do Chosco (*Jumping-jack*)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Un proxecto de intercomunicación (8')

Música e monicreques

Tema: O cura e a criada (Títeres á *planchette*)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Programa de radio (I) (8')

Música

Tema: A pita podeira (cántiga)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Programa de radio (II) (8')

Música e monicreques

Tema: Achegamento a Barriga Verde (Títeres de luva)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Programa de radio (III) (8')

Música e monicreques

Tema: Bartolo Bartolozzi (Marioneta de fio)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

Follas Novas. Novas follas

Programa de radio (IV) (8')

Música

Tema: Rrevolta no galiñeiro (cantiga)

Intérprete: **Viravolta** (3')

Opinión

Intervención do público (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada

Tema: *O galo Quirico* (sobre versión de **Bernardino Graña**)

Intérprete: **Seisdedos** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Seisdedos

Marionetas populares. Membros da compañía *Viravolta* formaron en 1994 a compañía *Seisdedos* coa intención de montar espectáculos de pequeno formato aptos para representar en rúas, bares, pequenos locais, colexios, bibliotecas, etc. Como marca desta nova compañía sempre está a combinación de técnicas de actor con técnicas dos monicreques. Na actualidade a compañía está formada por **Anxo García** e **Carlos Quintá**.

-*A Costa do Navallo*. Títere de táboa, xoguete popular: o seu uso estivo extendido por toda Europa. *Viravolta* presénato cunha cantiga recollida en Lalín que supoñemos ten a súa orixe nas obras da estrada Lalín -O Carballiño, aínda que a música semella un tango arxentino.

-*A danza do Chosco*. *Jumping-jack*, (denominación en inglés). Tamén é un xoguete popular, inspirado no moneco que marca o tempo dalgunhas danzas de entrenzado que se conservan en Galiza, concretamente as danzas de Xuencos (Boborás, Ourense) e Vilanova dos Infantes (Celanova, Ourense)

-*O cura e a criada*. Títeres á *planchette*, (denominación en francés). Acompañante habitual de músicos ambulantes. Consérvanse moitos gravados nos que se ve o uso desta marioneta: o músico toca a gaita, guitarra, tamboril, etc e coa perna fai bailar os monecos. Presenatdo con cantigas sobre o cura e a criada tan abundantes no noso folklóre.

-*A pita podeira*. Cantiga para que o público acompañe aos músicos.

-*Achegamento a Barriga Verde*. Títeres de luva, os de uso máis continuado no teatro popular de case todo o mundo. Presentan a especialidade de *cachiporra* que era a que usaba Barriga Verde quen foi no século XX o último representante deste tipo de teatro en Galiza. Aprendeu a súa técnica dos mestres fantocheiros portugueses (os Robertos) nos seus teatros de Don Roberto.

-*Bartolo Bartolozzi*. Versión de *Viravolta* da marioneta de fío, unha das especialidades máis tradicionais, as marionetas con habilidades circenses.

-*Revolta no galiñeiro*. Outra cantiga para que participe o público, neste caso coa forma de acumulación tan habitual na literatura popular

-*O galo Quirico*. Conto de acumulación, versión de **Bernardino Graña**. Presenatdo nun teatriño de cartón, unha das formas máis populares de pasar o tempo e narrar historias hai xa desto moitos, moitos anos.

Follas Novas. Novas Follas.

Obradoiro, impartido por **Encarna Lago**, baseado nunha idea de **Luz Darriba**, está dirixido ao profesorado e alumnado de ESO dos centros próximos aos museos (Museo Etnográfico San Paio de Narla, Museo Pazo de Tor e Museo Provincial do Mar) da Rede Museística da Deputación de Lugo. Ten por obxectivo estimular o interese deste alumnado pola figura e a obra de Rosalía de Castro en relación coa emigración e, como consecuencia, o fomento da lectura entre os máis novos. Consta de dúas fases. Unha primeira na que os profesores das materias de Galego e Plástica coordinarán as fases de documentación, elaboración dos textos e ilustración dos mesmos. E unha segunda fase que consiste en remitir ao museo máis próximo as "follas" cos textos e ilustracións resultantes e que se expoñerán nas "árbores" dispostas a tal fin. Os días 19, 20 e 21 de marzo, Día Mundial da Poesía, tivo lugar a fase práctica nos tres museos e o 23 de abril, Día do Libro, a artista **Luz Darriba** realizará unha instalación na Biblioteca Nacional Arxentina. Este mesmo día expoñeranse os traballos orixinais resultantes dos obradoiros na Casa-Museo Rosalía de Castro, A Matanza, Padrón.

Na revista oral amosáranse os resultados, escenificaranse nun programa de radio as distintas fases e presentarase a web do proxecto para o que intervirán, entre outros, **Alonso, Aída, Jeanette, Juan, Lucas, Mar, Carmela, Sara Campo, Sara Fernández...** e todos o profesorado, pais, nai, participantes nos obradoiros e todos os colaboradores que queirades asistir.